
CIFP Someso

ANEXO I

CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA.

Procedemento corrector.

Curso: 2022_2023

Índice

2.	Gradación	4
3.	Reparación danos	5
4.	Conduitas contrarias á convivencia.....	6
5.	Medidas correctoras.....	7
6.	Procedemento ante condutas contrarias ás normas de convivencia	8

1. Criterios xerais

O procedemento corrector das condutas contrarias á convivencia, baseado no Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación na comunidade educativa en materia de convivencia escolar, terá como obxectivos principais:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

2. Gradación

Para a determinación da conduta ou a medida correctora haberá que ter en conta especialmente:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.
- f) A reincidencia, por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

3. Reparación danos

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.

Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

4. Condutas contrarias á convivencia

LEVES

APARTADO A) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, e as actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros do centro que non alcancen a gravidade requirida para ser consideradas como graves.

APARTADO B.1) Perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, entre outras:

- 1) Comer, beber ou mascar goma dentro das aulas.
- 2) Uso de gorras, carapuchas, gafas de sol, viseiras, pasamontañas..., salvo causas médicas, relixiosas ou que respondan a medidas de autoprotección.
- 3) Utilizar o móbil ou dispositivos electrónicos dentro das aulas, salvo autorización do profesor.
- 4) A visita de páxinas non autorizadas polo profesorado en Internet.
- 5) A obstrución dos aparcamentos que impida a correcta realización de manobras de entrada e saída do resto dos usuarios/as.
- 6) As faltas colectivas inxustificadas.

APARTADO B.2) Perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, entre outras:

- 1) Fumar en todo o recinto escolar. Considérase recinto escolar tanto as edificacións como o resto do espazo que se atopa dentro dos muros do centro.
- 2) Proferir gritos, ruidos ou causar alboroto durante o desenvolvemento das actividades docentes.
- 3) Utilizar linguaxe groseiro e xestos e posturas irrespectuosas.
- 4) Non respectar as normas de autoprotección, funcionamento e organización dos talleres.
- 5) Abandono inxustificado da aula durante as horas lectivas.

APARTADO C) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade. Considerarase tamén falta inxustificada, permanecer no centro sen asistir á aula.

APARTADO D.1) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

APARTADO D.2) Non realizar nin participar das tarefas propostas polo docente

APARTADO E.1) O deterioro non grave causado intencionadamente ás dependencias do centro, ó material deste ou ós obxectos ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa, entre outras. Considerarase deterioro non grave, causado intencionadamente, entre outras, as seguintes condutas:

1. Ensuciar o chan, paredes, teitos, mesas, cadeiras, etc.
2. Non manter o posto de traballo limpo e ordenado.

APARTADO E.2) O deterioro non grave causado intencionadamente ás dependencias do centro, ó material deste ou ós obxectos ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Considerarase deterioro non grave, causado intencionadamente, entre outras, as seguintes condutas:

1. Uso inadecuado das aulas específicas, laboratorios e talleres.
2. A alteración leve da estética do instituto incluídas as pintadas, pegado de carteis.
3. Deteriorar levemente materiais, ferramentas, equipamento dos talleres, instrumentos didácticos ou deportivos, así como calquera equipamento do centro.
4. Deteriorar levemente as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.

GRAVES

APARTADO A) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

APARTADO B) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

APARTADO C) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

APARTADO D) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

APARTADO E) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

APARTADO F) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

APARTADO G) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

Quedan incluídas entre outras neste apartado as seguintes actividades prohibidas:

1. A manipulación non autorizada dos ordenadores do centro, cambiando a súa configuración, borrando ou instalando programas, e a utilización dos medios e recursos do centro para calquera actividade particular aliea ás funcións docentes, agás nos casos de autorización expresa da dirección.
2. A manipulación non autorizada das pertenzas e taquillas persoais.
3. A subtracción de calquera obxecto, diñeiro a calquera membro da comunidade educativa.

APARTADO H) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

APARTADO I) Estar en posesión calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

Quedan incluídas entre outras neste apartado as seguintes actividades prohibidas:

1. Estar en posesión de calquera substancia psicotrópica ou estupefaciente.
2. Uso de calquera obxecto ou ferramenta coa intencionalidade de causar dano.

APARTADO K) O incumprimento das sancións impostas (inclusive a non comparencia á ACI)

5. Medidas correctoras

O profesorado poderá aplicar directamente as seguintes medidas correctoras:

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia do alumnado ante a Xefatura de Estudos, a Coordinadora de Convivencia, ou outro membro da Dirección do centro

Semanalmente, os diferentes equipos docentes xunto con representantes do equipo de convivencia, reuniranse para analizar as condutas contrarias á convivencia que se produciran así como para propoñer á Dirección do centro algunha das seguintes medidas correctoras:

MEDIDAS CORRECTORAS	
Faltas leves	Faltas graves (apertura de expediente disciplinario)
- Traballo dentro do horario lectivo na ACI.	Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Traballo fora do horario lectivo de tarefas que contribúan á mellora do desenvolvemento das actividades do centro.	Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro: entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo: ata unha semana	Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases: entre catro días lectivos e dúas semanas
- Suspensión dereito asistir actividades extraescolares: ata dúas semanas	Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro: entre catro días lectivos e un mes.
- Suspensión do dereito de asistir a determinadas clases: ata 3 días lectivos	Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito asistir ao centro: ata tres días	Cambio de centro.

6. Procedemento ante condutas contrarias ás normas de convivencia

As condutas contrarias á convivencia corríxense de forma inmediata segundo o seguinte procedemento:

PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none">• Rexistra a conduta contraria á convivencia e, no seu caso, a súa derivación á ACI no XADE.• No caso de que o alumno/a sexa derivado/a á ACI, indícalle as tarefas a realizar durante a súa estancia e recibe as tarefas realizadas no seguinte día de clase.• No caso de alumnado menor de idade, ponse en contacto cos pais, nais ou titores legais do alumno/a, para comunicarlles esta situación.
EQUIPO DOCENTE REPRESENTANTE DA DIRECCIÓN REPRESENTANTE DA COORDINACIÓN DE CONVIVENCIA	<ul style="list-style-type: none">• Valoran as condutas contrarias á convivencia nunha reunión que se celebrará semanalmente, tendo en conta o establecido no NOF do centro, e propoñen, no seu caso á Dirección, unha medida correctora

PROCEDIMIENTO CORRECTOR DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DO CIFP SOMESO

Profesor

Rexistro da conduta en xade

O alumno IMPOSIBILITA o normal desenvolvemento da clase

O alumno NON IMPOSIBILITA o normal desenvolvemento da clase

- Envía ao alumno/a á ACI indicándolle as tarefas a realizar, as cales deberá entregar realizadas no seguinte día de clase.
- Comunicación a pais/nais, tutores legais.

Valoración da conduta polo equipo docente, xunto con representantes da dirección e da coordinación de convivencia.

- Comunicación a pais/nais, tutores legais.

Proposta de medida correctora á Dirección

FALTA GRAVE → APERTURA DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO

FALTA LEVE:

- Traballo dentro ou fora do horario lectivo na ACI.
- Cambio de grupo ata 1 semana.
- Suspensión dereito asistencia actividades extraescolares.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ata 3 días lectivos.
- Suspensión do dereito asistencia ao centro ata 3 días lectivos.

- Realización fora ou dentro do horario lectivo de tarefas.
- Suspensión dereito actividades extraescolares e complementarias (entre dúas semanas e un mes).
- Suspensión dereito asistencia ao centro (4 días a 1 mes).
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases (entre 4 días lectivos e 2 semanas).
- Cambio de grupo.
- Cambio de centro

